

## *Grao en Educación Social*


O propósito fundamental deste grao é formar profesionais capaces de xerar contextos educativos e accións mediadoras que permitan a incorporación das persoas obxectivo ás diversas redes sociais, así como a súa promoción cultural e social mediante accións socioeducativas, tanto preventivas coma de intervención. Dotará ao estudantado da formación e das ferramentas necesarias para desempeñar profesionalmente as actividades enumeradas.

### *Datos básicos da titulación*

Campus: Ourense  
Centro: Facultade de Educación e Traballo Social  
Área de coñecemento: Ciencias sociais e xurídicas  
Lingua de impartición: galego e castelán  
Número de créditos: 240 ECTS  
Duración: 4 anos  
Número de prazas 75  
Modalidade: presencial

### *Para máis información*

Web: [educacion-ou.webs.uvigo.es](http://educacion-ou.webs.uvigo.es)  
E-mail: [sdexbo@uvigo.es](mailto:sdexbo@uvigo.es)  
Tel.: +34 988 387 101



Universida de Vigo

Facultade de Educación  
e Traballo Social

Tel.: +34 988 387 101  
[sdexbo@uvigo.es](mailto:sdexbo@uvigo.es)  
[educacion-ou.webs.uvigo.es](http://educacion-ou.webs.uvigo.es)

[uvigo.gal](http://uvigo.gal)



Universida de Vigo

Facultade de Educación  
e Traballo Social

## Grao en Educación Social

### Perfil de ingreso recomendado

- Persoas con sensibilidade social: interese no traballo con grupos humanos
- Preocupación polos problemas que teñen os diferentes grupos sociais
- Capacidade para resolver problemas e tomar unha decisión
- Empatía
- Intereses na área humanista-social
- Sentido crítico e capacidade de análise
- Respecto polas persoas
- Creatividade e iniciativa para propoñer, xunto ás persoas, solucións alternativas
- Habilidades sociais básicas para o estudo e o traballo en equipo
- Experiencia en actividades de voluntariado social
- Capacitación previa recomendada en humanidades e áreas sociais, incluída a procura de ciclos de formación profesional superior nos ciclos ofrecidos pola animación sociocultural e a integración social
- Experiencia recomendable en actividades laborais no ámbito social

### Acceso e admisión

- Bacharelato con ABAU superada
- Ciclos formativos de grao superior
- Proba de acceso para maiores de 25, 40 ou 45 anos
- Titulación universitaria previa

### Saídas profesionais

- Educación non-formal: animación de actividades extraescolares, educación para o lecer e o tempo libre, educación cívica, educación e interpretación ambiental, educación para a saúde
- Educación de persoas adultas: ensino de alfabetización, educación permanente, pedagogía da terceira idade, formación ocupacional, formación continua, preparación para a xubilación
- Animación sociolaboral: inserción sociolaboral, información e orientación para o emprego, preparación para xubilarse, plans de formación continua, formación e orientación laboral
- Animación sociocultural: turismo social e cultural, turismo xuvenil, educación na rúa, promoción do asociacionismo da participación social, información e dinamización xuvenil, xestión cultural, desenvolvemento comunitario

- Acción socioeducativa: atención comunitaria, estudo de novas tecnoloxías e a súa aplicación educativa, educación especializada, educación familiar, intervención socioeducativa, servizos sociais de atención primaria, servizos penais, servizos de información e planificación familiar, dinamización e sensibilización social
- Inserción social: prevención e tratamento en toxicomanías, prevención e intervención con grupos en risco de exclusión social, protección e tutela de menores; servizos de protección e asistencia social, servizos de medidas de xustiza xuvenil, prevención e intervención ante a violencia de xénero

Todas estas actividades pódense desenvolver en centros como: residencias da terceira idade, cooperativas de traballo asociado, centros de lecer, departamentos de formación, servizos socioeducativos, empresas de servizos, ONG e fundacións, asociacións (veciñais, culturais, xuvenís...)

### Materias

	Cuadri- mestre	Carácter	Cr. totais
<b>1º curso</b>			
Filosofía: filosofía social	1º	FB	6
Psicología: psicología do desenvolvemento	1º	FB	6
Educación: teorías e institucións educativas	1º	FB	6
Metodoloxía de investigación socioeducativa	1º	OB	6
Recursos tecnolóxicos en educación social	1º	OB	6
Antropoloxía: antropoloxía social e cultural	2º	FB	6
Educación: didáctica: deseño e programación no ámbito socioeducativo	2º	FB	6
Educación: educación permanente	2º	OB	6
Educación: historia da educación social	2º	OB	6
Educación: pedagogía social	2º	OB	6
<b>2º curso</b>			
Psicología: psicología social	1º	FB	6
Socioloxía: socioloxía da educación	1º	FB	6
Diagnóstico e análise de necesidades socio-educativas	1º	OB	6
Educación social no sistema educativo	1º	OB	6
Xénero e educación social	1º	OB	6
Educación de persoas adultas	2º	OB	6
Educación para o lecer e o tempo libre	2º	OB	6
Estratexias de aprendizaxe en contextos socioeducativos	2º	OB	6
Habilidades sociais en educación social	2º	OB	6
Intervención socioeducativa para a inclusión social	2º	OP	6

OB: *obligatoria*  
OP: *optativa*  
FB: *formación básica*

	Cuadri- mestre	Carácter	Cr. totais
<b>3º curso</b>			
Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social	1º	OB	6
Mediación en conflitos e situacións de violencia	1º	OB	6
Programas de animación sociocultural	1º	OB	6
Avaliación de programas socioeducativos	1º	OP	6
Intervención en saúde e educación social	1º	OP	6
Investigación-acción na práctica socioeducativa	1º	OP	6
Socioloxía do consumo e identidades culturais	1º	OP	6
Iniciación na práctica profesional	2º	OB	6
Prácticas externas: prácticum I	2º	OB	12
Dinámica de grupos e intervención psicosocial comunitaria	2º	OP	6
Educación ambiental para o desenvolvemento sostible	2º	OP	6
Educación intercultural e para a paz	2º	OP	6
Xerontoloxía e educación social	2º	OP	6
<b>4º curso</b>			
Educación e animación sociolaboral	1º	OB	6
Intervención socioeducativa nas condutas aditivas	1º	OB	6
Intervención socioeducativa no ámbito familiar	1º	OB	6
Discapacidade e educación social	1º	OP	6
Educación social nos servizos sociais	1º	OP	6
Programas de educación social na terceira idade	1º	OP	6
Sexualidade e saúde	1º	OP	6
Prácticas externas: prácticum II	2º	OB	18
Traballo de fin de grao	2º	OB	12

